

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NOS CONCELLOS DE MONFORTE DE LEMOS, LUGO E SARRIA

En data 14-05-2015 a xefatura territorial adoptou resolucións de inicio do procedemento de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións de vivendas protexidas de promoción pública (VPP) para as vivendas LU91502:48, LU97501:15, LU85100:132, LU95502:19 e LU94502:20.

Transcorrido o prazo sinalado en dita resolución para que os interesados amosasen interese en participar no procedemento, resultou o seguinte:

Non se presentaron interesados para as vivendas do concello de Monforte LU91502:48, LU97501:15 e para a de Lugo LU85100:132.

Para a vivenda LU95502:19, de Lugo presentouse un interesado e para a vivenda LU94502:20 de Sarria, outro interesado que cumpren os requisitos establecidos no Decreto 253/2007, do 13 de decembro que regula o réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS e no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma.

En consecuencia,

RESOLVO

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, en segundas ou posteriores transmisións, das vivendas, LU91502:48, LU97501:15, de Monforte de Lemos e LU85100:132, de Lugo .

2º. Designar directamente adquirentes a Almudena Veiga Ramos, credencial 20485, da vivenda LU95502:19 e a Adam Rodríguez López, credencial 71602, da vivenda LU94502:20.

2º .Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 9 de xuño de 2015

O xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Carlos Vila Pérez